



nota de prensa

## Veciñanza presenta emendas ao proxecto de Orzamentos Municipais de 2019

*O grupo de Goberno foi incapaz de presentar en tempo e forma unha proposta de Orzamentos Municipais para que puidesen entrar en vigor o 1 de xaneiro, como viña sendo habitual nos tres anos anteriores da presente lexislatura. Esta é unha mostra máis de que o bipartito chega totalmente esgotado ao remate do presente mandato.*

Cuntis. 22 de xaneiro de 2019

O Alcalde de Cuntis, Manuel Campos, presentou ao fin o proxecto de Orzamentos para o ano 2019 a semana pasada ao voceiro de Veciñanza Santi Martínez. Por primeira vez na actual lexislatura, **o grupo de Goberno foi incapaz de presentar este documento en tempo e forma o concello de Cuntis tivo que prorrogar as contas municipais do ano anterior.**

Veciñanza considera que a proposta de Orzamentos do Goberno Municipal de Cuntis é “un documento que o Bipartito converteu en trámite, que carece un ano máis dunha aposta decidida por acometer as transformacións que o noso municipio precisa cada vez con máis urxencia”, como se afirma no documento de emendas que vén de rexistrar no Concello.

Malia isto, **Veciñanza non desiste de seguir facendo novas propostas** e achegas na procura de establecer as liñas dun proxecto ambicioso e compartido para Cuntis que trate de sentar as bases das transformacións que precisa o noso municipio. Deste xeito, Veciñanza presenta emendas en materia de saneamento do rural, instalacións deportivas, comercio local, mantemento do casco urbano e desenvolvemento turístico.

Malia os avances, que Veciñanza recoñece, en materia de saneamento do rural, estes orzamentos non apostan por acadar o obxectivo do 100% do territorio cuntese e escasean no que se refire ao mantemento das depuradoras.

En materia deportiva, Veciñanza xa lamentara no seu momento que existe unha notable **carencia na xestión** das instalacións deportivas. A nova ordenanza reguladora é absolutamente descoñecida entre os/as potenciais usuarios/as. Veciñanza reclama, ademais, un maior investimento para a incorporación de novos equipamentos que amplíen as posibilidades das instalacións municipais.

A xestión do escaso orzamento que o Concello de Cuntis adica ao comercio local carece de iniciativas que impulsen e dinamicen o sector, de vital importancia para a nosa vila. Veciñanza



## nota de prensa

non só lle reclama ao Grupo de Goberno un esforzo económico maior, senón tamén a iniciativa para que ese investimento sexa verdadeiramente produtivo.

O atractivo turístico do casco histórico de Cuntis merece unha atención e un coidado especial. Veciñanza presentara no seu momento unha proposta para a elaboración dun plan especial de conservación e mantemento. O Bipartito de Cuntis destina unha cantidade moi escasa á partida de mobiliario urbano, cando as necesidades son visibles para calquera veciño/as ou visitante. As emendas que o Grupo Municipal de Veciñanza presenta reclaman un investimento superior nesta materia, que á súa vez é un pilar básico do desenvolvemento turístico.

O turismo é precisamente outro dos capítulos nos que o Goberno recibe emendas. Se ben a acción nesta materia mellorou a respecto da nada máis absoluta que se rexistrara na legislatura do Partido Popular, Cuntis segue a carecer dunha estratexia turística a medio prazo. Acción illadas sen un plan que as conecte e absolutamente dependentes da Deputación de Pontevedra. Veciñanza reclama orzamento para unha estratexia consensuada cos axentes locais e que procure o desenvolvemento do sector como un dos piares económicos de Cuntis.

Veciñanza agarda que estas achegas poidan ser tomadas en consideración polo Grupo de Goberno. O voto aos orzamentos estará vinculado á acollida que teñan estas demandass.